




PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA

As Rías Baixas son sinónimo de cultura e gastronomía. Na provincia de Pontevedra cada localidade ofrécelle algo único e singular á ou ao visitante. Recomendámosche percorrer as distintas comarcas de Pontevedra da man destas doce rutas para descubrir a súa historia, a súa cultura e a súa gastronomía a través dos museos. En cada ruta descubrirás unha gran diversidade de paisaxes repletas de historias, nas que a beleza natural de praias, bosques ou montañas harmoniza cun rico patrimonio e con museos que desvelan os segredos desta terra.



- 01 Viño e lamprea - A Paradanta
- 02 Terra de fronteiras, auga e historia - O Condado
- 03 O sagrado na natureza e o control da paisaxe - O Baixo Miño
- 04 Puro Atlántico - O Baixo Miño e Vigo
- 05 Arte e cidade - Vigo
- 06 Un mar de historias - Vigo
- 07 Entre o mar e a terra - O Morrazo
- 08 Un tesouro artístico - Pontevedra
- 09 Do mar e do viño - O Salnés
- 10 Entre ríos e mananciais - Caldas
- 11 O campo, un mundo de riquezas - Tabeirós - Terra de Montes e Pontevedra
- 12 Terras do interior - Deza

5 Monte do Facho e xacemento (Cangas)

É un miradoiro natural sobre as illas Cíes, un lugar máxico que se elixiu como santuario na Idade do Ferro e perdurou en época romana, cando se colocaron máis de 100 altares dedicados ao deus Iar Bero Breo, ao que lle solicitaban saúde.

6 O bosque encantado de Aldán (Cangas)

É parte do terreo do antigo pazo coñecido como Casa Torre de Aldán, de acceso público. Popularmente coñécese como o Bosque Encantado, un contorno de frondosa vexetación cun camiño que segue o leito do río Orxas ata un muiño e unha torre dun castelo inacabado.

7 Sendeiro Azul do Cabo Udra (Bueu)

Pola costa oeste do municipio de Bueu o Cabo Udra ponlle final á baía de Aldán e sinala o principio da ría de Pontevedra nunha sucesión de pequenas enseadas entre puntos rochosos. Desde o cume do cabo, a 91 metros de altitude, e desde o alto de Carafixo, a 129 metros, as panorámicas son sorprendentes, con vistas á ría de Pontevedra e á illa de Tambo.

8 Cabo Udra e Aula da Naturaleza (Bueu)

Contorno no que se combinan pequenos cantís e praias de alto valor paisaxístico cunha diversidade xeolóxica, de fauna e de flora. Desde o cabo apréciase unha vista da ría de Pontevedra, da illa de Ons e da Punta Couso. Dispón dunha aula que difunde os valores naturais do lugar.

📍 Cabo Udra, Beluso, 36937 Bueu
T +34 986 390 029 W www.concellodebueu.org

16 Rede de Sendeiros Azuis de Marín

Trátase dunha ruta de gran beleza que enlaza varios itinerarios que, unindo praias ou portos con bandeira azul, contribúen positivamente ao uso sostible do litoral. Comprende o seguintes tres tramos: Ruta das Praias, Ruta dos Cinco Miradoiros e Ruta Montes e Praias.

16 Illa de Ons (Bueu) e Parque Nacional das Illas Atlánticas (Cangas)

O arquipélago de Ons, situado na bocana da ría de Pontevedra, está formado pola illa de Ons e varios illotes, e forma parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas. É un lugar illado de gran beleza e cun relevo accidentado, con praias de auga cristalina, cantís e zonas de arboredo. Pódese percorrer a pé ou en bicicleta.



Monte do Facho (Cangas)




O bosque encantado de Aldán (Cangas)



Cabo Udra (Bueu)



Cabo Home (Cangas)



PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA



Accede a máis información

Atrévete a vivir novas experiencias a través de doce rutas. Empezarás unha viaxe cara ao máis esencial da provincia de Pontevedra: a súa historia, a súa cultura, a súa paisaxe e a súa gastronomía.

<https://turismoriasbaixas.com/gl/hambre-de-experiencias>

 Distintivo de Calidade SICTED: Sistema Integral de Calidade Turística Española en Destinos

PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA

RUTA 07 O Morrazo

ENTRE O MAR E A TERRA



Monte do Facho e xacemento (Cangas)



SABOREA A COMARCA DO MORRAZO

ENTRE O MAR E A TERRA

Descubre a comarca do Morrazo e visita as localidades de Marín, Moaña, Cangas e Bueu e o seu contorno. A situación da península do Morrazo, entre as rías de Pontevedra e de Vigo, confírelle unha posición singular entre o mar e a terra.

A terra está dominada polos montes de Domaio, que, situados no centro da península, evidencian a importancia estratéxica e simbólica que tivo o lugar en tempos afastados. Poderás descubrir dolmens, petróglifos e castros, e mesmo un excepcional santuario da Idade do Ferro no monte do Facho.

O mar está sempre presente e forma parte da identidade da comarca, como mostra a arraigada tradición mariñeira, pesqueira e conserveira. Descúbree visitando o interesante Museo Massó, promovido por unha das industrias máis importantes no sector das conservas, as antigas baleeiras ou as industrias de cabos e cordas para o sector pesqueiro.

Poderás percorrer lugares que ofrecen panorámicas únicas de gran beleza, cantís, praias tranquilas, paisaxes virxes e montes; unha diversidade que tamén se traduce na súa variada gastronomía baseada en produtos do mar, así como en verduras e froitas, todas elas de excelente calidade.




Costa da Vela (Cangas)



Petróglifos de Mogor (Marín)



Festa do Polbo (Bueu)




Monte do Facho (Cangas)



Museo Massó (Bueu)

RUTA 07 O Morrazo

ENTRE O MAR E A TERRA



MUSEOS

10 Museo Massó

A súa orixe remóntase á visita que Guillermo Marconi realizou á fábrica de conservas Massó no ano 1928. Foi daquela cando suxeriu a creación dun museo para expoñer a colección de instrumentos de navegación, documentos e libros, obxectos diversos e maquetas de barcos que conservaba a familia. Desde entón incrementáronse as coleccións e, xestionado desde 1994 pola Xunta de Galicia, mostra a historia pesqueira, baleeira e conserveira de Bueu.

📍 R/ Montero Ríos s/n, 36930 Bueu
T +34 886 151 101
W www.museos.xunta.gal/es/massos

12 Petróglifos de Mogor e centro de interpretación

É unha das concentracións de petróglifos máis importantes de Galicia, entre os que destaca unha singular representación de labirintos ademais de círculos, cazoletas e un cervo. Acompañaos un centro de interpretación que ofrece información sobre os petróglifos e tamén sobre o patrimonio cultural de Marín e da comarca do Morrazo.

📍 Barrio Pérez Crespo-Mogor, 95, 36911 Marín
T +34 647 368 939 W www.concellodemarin.es

13 Museo Municipal Manuel Torres

O museo, inaugurado en 1992, xurdiu grazas á doazón do pintor Manuel Torres Martínez de máis de 70 obras ao Concello de Marín. O artista, que naceu en Marín no ano 1901, recibiu unha grande influencia de Carlos Maside, do que era bo amigo. O mar e o campo convertéronse nas súas fontes de inspiración en obras dun marcado carácter folclorista.

📍 Avenida de Orense, 3, 36900 Marín
T +34 986 891 186 W www.concellodemarin.es

OUTROS PUNTOS DE INTERESE

2 Dolmen-Mámoa de Chan da Arquiña (Moaña)

Monumento funerario megalítico construído hai máis de 5.000 anos, formado por unha cámara poligonal e por un corredor construídos con grandes laxas de pedra. En orixe, o dolmen estaba completamente cuberto de terra (mámoa), aínda que só se conserva unha parte.

MOMENTOS GASTRONÓMICOS

Algúns dos principais produtos gastronómicos que podes gozar ao longo desta ruta son os peixes e os mariscos, as conservas, as algas, as verduras e as froitas.

3 Festa da Exaltación da Navalla das Cíes (Cangas)

Evento que ten lugar en setembro, no que se promociona a navalla, un produto autóctono colleitado polos navalleiros da Confraría de San Xosé. As navallas á prancha son a modalidade máis común, pero tamén se preparan á brasa, en revoltos, salteadas ou en tosta.

9 Festa do Polbo (Bueu)

Cita gastronómica que ten lugar en agosto na que se pode degustar polbo preparado de distintas maneiras: desde o tradicional polbo á feira, en caldereta, frito, á prancha ou en empanada, ata receitas máis atrevidas como en croquetas ou en paté.

11 Festa do Millo Corvo (Bueu)

Festa de Interese Turístico de Galicia que ten lugar no mes de abril, homenaxea o millo corvo, millo cun gran de cor negra que deixou de utilizarse hai décadas e que en 1998 se recuperou seguindo as técnicas tradicionais. Degústanse receitas elaboradas con este tipo de millo.

15 Festa da Cigala (Marín)

Evento gastronómico que ten lugar no mes de xullo no que se degusta a cigala cocida de distintas maneiras: cocida, en salpicón, en empanada...

ENCLAVES NATURAIS

1 Monte Faro de Domaio (Moaña)

Con 636 metros de altitude é unha estratéxica atalaia e o punto máis alto da serra do Morrazo, que brinda unha panorámica aberta sobre As Rías Baixas e as illas atlánticas, a ría de Vigo e as montañas que conforman o linde do río Miño entre Galicia e Portugal.

4 Costa da Vela (Cangas)

É o punto máis occidental da península do Morrazo, unha paisaxe virxe dunha beleza espectacular, onde o mar domina, xunto cos piñeirais, os cantís e as tranquilas e areosas praias de Nerga e Barra.



Museo Massó (Bueu)



Centro de interpretación de Petróglifos de Mogor (Marín)



Festa da Navalla das Cíes (Cangas)



Festa do Millo Corvo (Bueu)